

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

- 1518** *Orde ESS/187/2013, do 11 de febreiro, pola que se establecen para o ano 2013 as bases de cotización á Seguridade Social dos traballadores do réxime especial do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro.*

O artigo 113.sete da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, prevé que a cotización para todas as continxencias e situacións protexidas no réxime especial da seguridade social dos traballadores do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 19.5 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da seguridade social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, así como o artigo 54 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, se efectuará sobre as remuneracións que se determinen mediante orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións representativas do sector. Tal determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano precedente.

A tal finalidade responde o contido desta orde, mediante a cal se determinan, en función dos valores medios das remuneracións percibidas no ano 2012, as bases únicas para a cotización por continxencias comúns e profesionais segundo provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais.

En virtude da habilitación conferida polo artigo 113.dezasete da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, oídas as organizacións empresariais e sindicais representativas do sector pesqueiro, e de acordo co Consello de Estado, dispuxen:

Artigo único. *Determinación das bases de cotización.*

As bases únicas de cotización dos traballadores incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 19.5 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da seguridade social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, así como o artigo 54.2 e 3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, para todas as continxencias e situacións protexidas no réxime especial da seguridade social dos traballadores do mar, quedan establecidas para o ano 2013 nas contías que se reflecten nos anexos desta orde, sen prexuízo do establecido na Orde do 22 de novembro de 1974, pola que se determinan os coeficientes correctores da base de cotización e a base reguladora para as prestacións económicas dos grupos II e III do réxime especial da seguridade social dos traballadores do mar, en relación coa cotización por continxencias comúns e, para os traballadores por conta allea, en relación coa cotización para desemprego, e cos traballadores asimilados a conta allea e autónomos en relación coa cotización para a protección por cesamento de actividade.

Disposición transitoria única. *Ingreso de diferenzas de cotización.*

As diferenzas de cotización que se tivesen podido producir pola aplicación das bases de cotización establecidas nesta orde respecto das cotizacións que a partir do 1 de xaneiro de 2013 se tivesen efectuado, poderán ser ingresadas, sen recarga, no prazo que finaliza o último día do segundo mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2013.

Madrid, 11 de febreiro de 2013.—A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.

**ANEXO I****Bases grupo segundo A (embarcacións entre 50,01 e 150 TRB)***Ano 2013*

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11

**Zona Norte**

A Coruña, Lugo, Vigo, Vilagarcía, Asturias.	Arrastre, palangre de fondo e volantas en caladoiros internac. (excepto África) .....	2.457,00	1.755,00	1.608,00
	Arrastre en caladoiro nacional e costa de Portugal. Palangre de fondo e volantas na costa de África. Palangre de superficie.....	2.265,00	1.518,00	1.416,00
	Palangre de fondo cerco e outras artes en caladoiros nacionais.....	1.773,00	1.434,00	1.338,00
Cantabria.	Arrastre.....	2.457,00	1.755,00	1.608,00
	Palangre.....	1.773,00	1.434,00	1.416,00
	Cerco .....	1.575,00	1.338,00	1.338,00
Gipuzkoa.	Cerco e palangre .....	1.854,00	1.518,00	1.518,00
	Arrastre.....	2.886,00	1.905,00	1.659,00
	Outras artes .....	2.625,00	1.791,00	1.623,00
Bizkaia.	Artes fixas.....	2.577,00	1.692,00	1.623,00
	Arrastre.....	2.886,00	1.905,00	1.659,00
	Cerco e anzol .....	1.824,00	1.518,00	1.518,00

**Zona Leste**

Alacant, Castelló, Valencia, Illes Balears, Barcelona, Girona, Tarragona, Murcia.	—	1.815,00	1.500,00	1.500,00
---	---	----------	----------	----------

**Zona Sur**

Almería.	—	1.674,00	1.461,00	1.461,00
Cádiz.	—	1.674,00	1.338,00	1.338,00
Huelva.	Conxelado .....	2.421,00	1.677,00	1.497,00
	Fresco.....	1.998,00	1.395,00	1.338,00
Málaga, Granada, Melilla, Ceuta.	—	1.494,00	1.383,00	1.383,00
Las Palmas, Tenerife.	—	2.421,00	1.617,00	1.497,00

**ANEXO II****Bases grupo segundo B (embarcacións entre 10,01 e 50 TRB)***Ano 2013*

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradadas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11

*Zona Norte*

A Coruña, Vilagarcía, Vigo, Lugo, Asturias.	Palangre de fondo e volantas na costa de África . . . . . Palangre, cerco e outras artes menores . . . . .	2.265,00 1.650,00	1.518,00 1.296,00	1.416,00 1.296,00
Cantabria.	Arrastre e palangre . . . . . Cerco . . . . .	1.650,00 1.575,00	1.296,00 1.296,00	1.296,00 1.296,00
Gipuzkoa.	Cerco, palangre, anzol e artes fixas . . . . . Arrastre . . . . .	1.824,00 2.886,00	1.518,00 1.905,00	1.518,00 1.659,00
Bizkaia.	—	1.824,00	1.518,00	1.518,00

*Zona Leste*

Alacant, Castelló, Valencia, Illes Balears, Barcelona, Girona, Tarragona, Murcia.	—	1.815,00	1.500,00	1.500,00
---	---	----------	----------	----------

*Zona Sur*

Almería.	—	1.566,00	1.461,00	1.461,00
Cádiz.	Cerco, arrastre, artes menores . . . . . Palangre . . . . .	1.560,00 1.566,00	1.233,00 1.245,00	1.233,00 1.245,00
Huelva.	Altura-conxelador . . . . . Arrastre, cerco, palangre . . . . . Outras modalidades . . . . .	2.166,00 1.566,00 1.413,00	1.464,00 1.245,00 1.245,00	1.318,00 1.245,00 1.245,00
Málaga, Granada, Ceuta.	—	1.494,00	1.245,00	1.245,00
Las Palmas, Tenerife.	Pesca local . . . . . Pesca non local . . . . .	1.494,00 2.166,00	1.245,00 1.464,00	1.245,00 1.320,00

**ANEXO III****Bases grupo terceiro***Ano 2013*

	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización	
	3 e 4	8 a 11

**Zona Norte**

A Coruña, Lugo, Vilagarcía, Vigo, Asturias, Cantabria.....	1.374,00	1.275,00
Guipuzkoa, Bizkaia.....	1.452,00	1.338,00 1.161,00 (*)

**Zona Leste**

Alacant, Castelló, Valencia, Illes Balears, Barcelona, Girona, Tarragona, Murcia .....	1.578,00	1.326,00
--	----------	----------

**Zona Sur**

Almería.....	1.461,00	1.329,00
Cádiz, Huelva, Granada, Málaga. Sevilla, Melilla, Las Palmas, Tenerife, Ceuta .....	1.356,00	1.230,00

\* Grupo 10 de cotización: neskatillas, empacadoras, mariscador a pé.